



Bases para o sorteo de 15 vales de compra de 200€ cada un

1. BASES DA PROMOCIÓN

A Asociación de Empresarios de Agrela, con domicilio social na rúa Copérnico 3, 1º B1, no 15008 de A Coruña, desenvolve un concurso no que pode participar:

- A) Calquera persoa física ou xurídica maior de idade que adquira produtos ou contrate servizos nas empresas pertencentes á Asociación de Empresarios de Agrela
- B) As empresas asociadas que acrediten a súa participación mediante a factura correspondente á cota ou servizo da propia Asociación.

Todo elo, de conformidade co establecido nas presentes bases, que foron depositadas ante notario.

2. DURACIÓN E ÁMBITO DE APLICACIÓN

A presente promoción realizarase durante o mes de novembro.

Esta campaña ten ámbito nacional.

Poderán participar nela, de forma voluntaria, as persoas físicas, maiores de 18 anos, e as persoas xurídicas, con domicilio no territorio español que cumpran a mecánica promocional deste sorteo.

3. REQUISITOS E MECÁNICA DE PARTICIPACIÓN

A persoa usuaria participará neste concurso a través da opción "¡Sorteo!, participa e gaña", que se atopa na páxina principal da web www.agrela.com. Entre o 1 de novembro ás 00:00 horas e o 4 de decembro ás 23:59 horas, terá que incluír os seus datos e os datos do ticket, numeración ou factura correspondente á adquisición de produtos, contratación de servizos ou cota ou servizo da Asociación realizados, exclusivamente entre o 1 e o 30 de novembro de 2026.

Poderán participar nesta promoción:

- 1) As persoas físicas, maiores de 18 anos, con residencia legal en España ou as persoas xurídicas con domicilio social en España.



2) Que adquiran calquera produto ou contraten calquera servizo, durante o mes de novembro de 2026, nalguna das empresas pertencentes á Asociación de Empresarios de Agrela.

3) As empresas asociadas á Asociación de Empresarios de Agrela tamén poderán participar na promoción, rexistrando a factura correspondente á cota asociativa ou aos servizos prestados pola propia Asociación de Empresarios de Agrela, emitida durante o mes de novembro de 2026.

4) Que non estean incursas en ningunha das causas de exclusión previstas nos epígrafes 7 e 8.

5) Que cumprimenten debidamente a ficha de participación dende a opción "¡Sorteo!, participa e gaña".

Así mesmo, non poderán participar neste sorteo os empregados actuais da Asociación de Empresarios de Agrela, nin os ex empregados cuxa data de saída da Asociación de Empresarios de Agrela sexa posterior ao mes de xaneiro de 2026. Tampouco poderán participar neste sorteo os membros da Xunta Directiva da Asociación, pero si poderán participar no sorteo os/as empregados/as das súas empresas.

4. SORTEO E PREMIOS

Sortearanse quince vales de 200 euros cada un, por un importe total de 3.000 euros, destinados exclusivamente á adquisición de produtos ou contratación de servizos en empresas pertencentes á Asociación de Empresarios de Agrela. Os vales non poderán utilizarse para o pagamento da cota asociativa nin para o pagamento de ningún servizo ou factura da propia Asociación de Empresarios de Agrela.

Para estes efectos, terán a consideración de empresas asociadas unicamente aquelas que figuren individualmente no Listado de Empresas Asociadas publicado na páxina web www.agrela.com.

No caso do Centro Comercial Marineda City, do Mercado de Froitas e doutras comunidades ou centros cuxa propiedade pertenza á Asociación, esta condición non se estende automaticamente ás empresas instaladas neles. En consecuencia, só serán válidas as compras realizadas nos establecementos que figuren individualmente inscritos como empresas asociadas no referido listado.

O sorteo celebrarase o mércores 9 de decembro de 2026, en presenza de notario, mediante unha aplicación informática que seleccionará aleatoriamente as quince persoas ou entidades gañadoras.

Cada persoa física ou xurídica poderá resultar gañadora dun único vale. O dereito ao premio será persoal e intransferible.



O resultado do sorteo comunicárase ás persoas gañadoras, na forma prevista no epígrafe 5 destas bases, antes do 12 de decembro de 2026.

No prazo de tres días hábiles desde a recepción da comunicación, cada persoa ou entidade gañadora deberá remitir ao enderezo electrónico asociacion@agrela.com o ticket ou factura correspondente á adquisición do produto ou á contratación do servizo que deu dereito á participación no sorteo. No caso das empresas asociadas que participen mediante unha factura da Asociación de Empresarios de Agrela, esta será o documento xustificativo da participación.

A Asociación comprobará que o xustificante presentado coincide cos datos rexistrados na aplicación e que se cumpren os requisitos de participación. A validación do premio comunicárase polo mesmo medio.

Para facer efectivo o premio, as persoas ou entidades gañadoras deberán realizar, entre o 9 e o 23 de decembro de 2026, novas adquisicións de produtos ou contratacións de servizos en empresas asociadas por un importe acumulado mínimo de 200 euros.

Poderán presentar un ou varios tickets ou facturas, sempre que:

- correspondan a produtos adquiridos ou servizos contratados en empresas que figuren individualmente no Listado de Empresas Asociadas;
- teñan data igual ou posterior ao 9 de decembro de 2026;
- sexan remitidos á Asociación entre o 12 e o 23 de decembro de 2026.

En ningún caso poderán presentarse como xustificante para facer efectivo o premio facturas, recibos ou cargos correspondentes á cota asociativa ou a servizos prestados pola Asociación de Empresarios de Agrela.

Unha vez validada a documentación, a Asociación aboará mediante transferencia bancaria un máximo de 200 euros por persoa ou entidade gañadora, aínda que o importe das compras acreditadas sexa superior.

Para efectuar o pagamento, deberá achegarse copia do DNI ou CIF da persoa ou entidade gañadora e un certificado de titularidade da conta bancaria na que se realizará o ingreso.

O premio quedará deserto cando a persoa ou entidade seleccionada:

- non cumpra os requisitos establecidos nestas bases;
- non presente a documentación esixida na forma e dentro dos prazos sinalados; ou
- non exerza o seu dereito ao premio ante a Asociación de Empresarios de Agrela.



As persoas físicas gañadoras autorizan a publicación do seu nome e apelidos, e as persoas xurídicas, da súa denominación social, nos medios empregados pola Asociación para comunicar e difundir o resultado do sorteo.

5. COMUNICACIÓN DA PERSOA GAÑADORA

A cada persoa gañadora comunicaráselle mediante algunha das seguintes vías:

- Indicando Nome e apelidos da persoa gañadora no apartado de gañadores na opción "Sorteo Vales de 200 euros, por comprar en Agrela".
- Por teléfono ou correo electrónico que a persoa participante facilite ao incluír os seus datos.
- Noticia comunicando os nomes e apelidos das persoas gañadoras na web e redes sociais da Asociación de Empresarios de Agrela.

6. CONTACTO

Para consulta de calquera asunto relativo ao sorteo, os usuarios poderán contactar a través do correo electrónico asociacion@agrela.com.

7. CAUSAS DE NO VALIDACIÓN DEL PREMIO

Tras a realización do sorteo e a comprobación da documentación presentada, a Asociación poderá deixar sen efecto a adxudicación do premio e declaralo deserto cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

Que os datos do ticket ou factura presentado non coincidan cos consignados na participación seleccionada no sorteo, incluídos os relativos á empresa na que se adquiriu o produto ou se contratou o servizo ou, no caso das empresas asociadas, á Asociación de Empresarios de Agrela, á data, ao importe e á identificación do xustificante.

Que, no caso de presentarse unha factura ou outro xustificante nominativo, a súa titularidade non coincida coa identidade da persoa física ou xurídica que rexistrou a participación.

Que non se cumpra calquera dos requisitos establecidos nestas bases, en particular os relativos aos prazos, aos importes mínimos, á data da adquisición do produto ou contratación do servizo, ou á realización desta nunha empresa pertencente á Asociación de Empresarios de Agrela.

8. CONDICIÓN S DE CARÁCTER XERAL

A Asociación de Empresarios de Agrela resérvase o dereito de non admitir ou excluír as persoas participantes ou gañadoras da presente promoción, que teñan facilitado datos falsos,



errados, inexactos ou que incumpran o establecido nas presentes bases, e queda eximida de calquera responsabilidade no suposto de que ditos erros ou falsidades impidan a identificación das persoas gañadoras do premio.

A Asociación de Empresarios de Agrela non se responsabiliza das posibles perdas, deterioros, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poidan afectar o desenvolvemento xeral da presente promoción ou que acontezan durante o tempo establecido para el goce do premio.

A Asociación de Empresarios de Agrela non responderá ante eventuais problemáticas derivadas do anómalo funcionamento de terceiros involucrados no proceso técnico deste concurso. Así, non responderá ante os fallos habidos nas redes de telecomunicacións, nos servizos prestados por provedores de internet, nos colapsos e cortes nas liñas telefónicas, fallos no programa de validación, etc. O organizador non responderá pola perda de datos transmitidos incorrectamente, nin por aqueles transmitidos fóra de prazo. O organizador non será responsable da entrega dos premios cando teña realizado todo o proceso de entrega dos mesmos correctamente e a incidencia sexa causada por terceiras empresas, aduanas ou outras autoridades.

A Asociación de Empresarios de Agrela resérvase o dereito de dar de baixa a aquelas persoas que estean facendo un mal uso da promoción, ou que realicen actos fraudulentos ou que prexudiquen a outras persoas participantes. No caso de que a Asociación de Empresarios de Agrela, ou calquera entidade que estea ligada profesionalmente a esta promoción, detecten calquera anomalía ou sospeiten que un/unha participante estea impedindo o normal desenvolvemento da promoción alterando ilegalmente os seus rexistros mediante calquera procedemento técnico ou informático, ou desenvolvendo calquera tipo de actos fraudulentos que contraveñan a transparencia da mesma, a Asociación de Empresarios de Agrela resérvase o dereito de dar de baixa e mesmo de retirar o premio de forma automática, a todas aquelas persoas participantes que se teñan beneficiado de forma directa ou indirecta, deste tipo de actuacións fraudulentas, podendo ademais exercer todas as accións civís ou penais que puidesen corresponder.

9. ACEPTACIÓN DAS BASES

A simple participación no sorteo implica a aceptación das presentes bases, polo que a manifestación no sentido de non aceptación da totalidade ou parte das mesmas, implicará a exclusión da persoa participante e como consecuencia disto, a Asociación de Empresarios de Agrela quedará liberada de calquera obriga con esta persoa.

10. POLÍTICA DE PRIVACIDADE

A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE AGRELA, como Responsable de Tratamento, infórmao/a de que os datos persoais que nos facilita ao participar no sorteo, ao encher o formulario correspondente na nosa web, son tratados unicamente para desenvolver unha



axeitada xestión do concurso, amparándonos para isto no seu consentimento cando acepta a nosa Política de Privacidade na web.

Así mesmo, informámolo/a de que os seus datos nunca serán cedidos a terceiros e de que pode revogar o seu consentimento ou exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e portabilidade dirixíndose a nós a través do seguinte enderezo de correo electrónico: rgprotecciondedatos@agrela.com.

11. COOKIES

En cumprimento da Lei 34/2002 de Servizos da Sociedade da Información e Comercio Electrónico LSSICE e as súas modificacións do Real Decreto-Lei 13/2012, de 30 de marzo, que afectan ao uso de cookies e aos envíos comerciais por correo electrónico, e en cumprimento da Directiva Europea 2009/136/CE, informámolo/a de que a nosa web www.agrela.com utiliza cookies que son enviadas, instaladas, almacenadas, e xestionadas coa finalidade de ofrecer un mellor servizo aos visitantes e clientes da súa páxina web.

As cookies empréganse para facilitar a navegación do usuario, recoller información sobre os visitantes e almacenar información sobre as súas preferencias. As cookies tamén se usan para mellorar o funcionamento da páxina web e ofrecer así un mellor servizo aos usuarios e usuarias. Os/as usuarios/as poden aceptar ou rexeitar o uso das cookies.

Estas ferramentas non obteñen datos sobre o seu nome ou apelidos, nin sobre o enderezo postal dende onde se conecta.

A información que obteñen está relacionada co número de páxinas visitadas, o idioma, rede social na que se publican as nosas noticias, a cidade á que está asignado o enderezo IP dende a que acceder, o número de novos usuarios, a frecuencia e reincidencia das visitas, o tempo de visita, o navegador e o operador ou o tipo de terminal dende o que se realiza a visita.

Esta información é utilizada para mellorar as nosas páxinas, detectar novas necesidades e valorar as melloras a introducir coa finalidade de prestar un mellor servizo aos/as usuarios/as que nos visitan adaptándoas, por exemplo, aos navegadores ou terminais máis utilizados.

Se continúa navegando pola páxina web da Asociación, consideramos que acepta o seu uso.

12. PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL

O usuario coñece que os contidos e servizos ofrecidos a través da páxina, atópanse protexidos polo «Copyright», dereitos de autor e de propiedade intelectual e industrial, que no seu caso corresponden á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE AGRELA e aos terceiros e provedores, e que son propiedade exclusiva dos mesmos. É propiedade da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE AGRELA o deseño e estrutura de navegación.



A prestación dos servizos e publicación dos contidos a través da páxina, non implicará en ningún caso a cesión, renuncia ou transmisión, total ou parcial, dos correspondentes dereitos de propiedade intelectual e industrial. A utilización, baixo calquera modalidade, de todo ou parte do contido da páxina, queda suxeita á necesidade de solicitar autorización previa do seu autor e a aceptación da correspondente licenza, no seu caso.

Baixo ningún concepto, o usuario poderá realizar un uso ou utilización dos servizos ou produtos e contidos distribuídos a través da páxina, que non sexa exclusivamente persoal.

A infracción dos dereitos de propiedade intelectual e industrial polo usuario, atópase suxeita á esixencia da correspondente responsabilidade legal e xudicial, por calquera uso fóra dos permitidos, que supoña a infracción de dereitos, exista ou non beneficio para o mesmo, así como a esixencia do correspondente dano emerxente e lucro cesante que resulte da infracción cometida.

13. REPERCUSIÓN FISCAL

Os Premios da presente promoción estarán suxeitos á normativa vixente en materia do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, e de conformidade coa mesma, infórmase aos participantes na presente promoción de que os premios concedidos pola participación en xogos, concursos, rifas, ou combinacións aleatorias vinculadas á venda ou promoción de bens ou servizos están suxeitos a retención ou ingreso a conta sempre que o valor do premio sexa superior a 300 Euros en metálico, ou 250 Euros en especie. Os impostos que se deriven da adxudicación do premio, correrán a cargo exclusivamente do agraciado, incluíndo as retencións a conta que legalmente correspondan.